

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 06/09/2014.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.  
D. Fernando Márquez Hermida.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos do día seis de setembro de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de xullo do presente ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. TOMA DE COÑECEMENTO SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES Ó SEGUNDO TRIMESTRE DE 2014.

De orde do Sr. Alcalde, dase lectura polo Secretario do último parágrafo dun informe emitido polo Tesoureiro do Concello, datado o 01/09/14 e que literalmente di o seguinte:

"Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións. Segundo trimestre de 2014.

#### I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

#### II.- CONSIDERACIÓNS:

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, de trinta días, vixente a partir do inicio do pasado ano 2013.

Polo referido ó segundo trimestre da presente anualidade 2014, a totalidade dos pagos de obrigacións desta entidade local correspondentes a facturas ou certificacións presentadas entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2014 realizáronse cumprindo os prazos previstos na Lei 15/2010. En consecuencia, na data do presente informe, e segundo a documentación existente nas dependencias deste Concello, salvo erro o u omisión, non consta a existencia de pagos pendentes ou realizados fora dos prazos previstos na Lei 15/2010 correspondentes a obrigas que reúnan a totalidade dos requisitos legalmente establecidos, no expresado periodo do segundo trimestre do presente ano 2014.

#### III.- CONCLUSIÓN

É canto se debe informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se dea traslado do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de conta ó Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010."

A Corporación queda enterada do contido dese informe.

#### TERCEIRO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2013.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello, correspondente ó exercicio de 2013, dictaminada favorablemente pola Comisión Especial competente, e exposta ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 116, do día 19/06/14, sen que durante o prazo legalmente establecido se presentase alegación ou reclamación algunha. O asunto foi favorablemente dictaminado no seu momento pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Aproba-la conta xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico de 2013, sendo o seu resume o seguinte:

Resume da liquidación:

A) Resultado presupostario do exercicio de 2013:

- 1) Dereitos recoñecidos netos: 2.729.883,34
- 2) Obrigas recoñecidas netas: 2.667.137,20
- 3) Resultado presupostario (1-2): 62.746,14
- 4) Desviacións positivas de financiación: 0
- 5) Desviacións negativas de financiación: 0
- 6) Gastos financiados con remanente líquido de tesorería: 288.221,15
- 7) Resultado de operacións comerciais: 0
- 8) Resultado presupostario axustado: 62.746,14

B) Estado de remanente de tesorería:

1) (+)

Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio: 745.312,77

2) (-)

Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio: 295.048,75

3) (+) Fondos líquidos de tesoureiría a fin de exercicio: 363.456,35

4) Remanente de tesoureiría afectada a gastos con financiación afectada: 0

5) Remanente de tesoureiría para gastos xerais: (1-2+3-4): 804.347,38

6) Remanente de tesoureiría total: 813.720,37

C) Cuantificación remanente de tesoureiría: 804.347,38

Conta Xeral de 2013:

1) Balance de situación: 18.580.402,29

2) Conta de resultados:

a) Resultados correntes do exercicio: 936.110,37

b) Resultados extraordinarios: 0

c) Resultado da carteira de valores: 0

3) Liquidación do Presuposto:

1) Dereitos recoñecidos netos: 2.729.883,34

2) Obrigas recoñecidas netas: 2.667.137,20

3) Resultado presupostario (1-2): 62.746,14

4) Estado demostrativo de exercicios pechados:

- Obrigas pendentes de ordear: 34.811,93

- Dereitos pendentes de cobro: 37.346,82

5) Estado dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros: 0

6) Estado de Tesorería:

7) - Existencia final en bancos: 363.456,35

2º.- Ordea-la remisión dunha copia ou a transmisión telemática dos datos da conta xeral de que se trata ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Cuentas, en aplicación do establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais.

#### CUARTO. APROBACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS PARA 2015.

Dase conta polo Sr. Alcalde da necesidade de establecer coa brevidade posible as datas nas que se celebrarán as festividades laborais de carácter local no vindeiro ano 2015, e da proposta do grupo de goberno no sentido de manter as datas nas que se veñen celebrando tradicionalmente estas festas, é dicir, o martes de Entroido, que no 2015 cadrará no 17 de febreiro, e o 3 de xullo, consensuado entre os grupos políticos en lugar do día 2, no que se conmemora Santa Sabela.

A cuestión foi favorablemente dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a proposta do grupo de goberno, e establecer como festividades laborais de carácter local para o ano 2015 os días 17 de febreiro, martes de Entroido, e 3 de xullo, Santa Sabela, e ordear a remisión dunha certificación do presente acordo, coa brevidade posible, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

#### QUINTO. ACORDOS RELATIVOS A DESAFECTACIÓN DO EDIFICIO DO ANTIGO CONCELLO.

Dase conta do expediente tramitado para a desafectación do uso público do edificio que albergaba a Casa do Concello, para a súa posta a disposición da Garda Civil, que a precisa para ampliar e mellorar as instalacións que actualmente ocupa.

Na sesión plenaria do 01/03/14, adoptouse o acordo de "manifestar a intención de ceder parte da actual Casa do Concello á Garda Civil, facultando ó Sr. Alcalde para o inicio de negociacións para a sinatura dun convenio a tal finalidade, que poderá ser aprobado e asinado cando a actual Casa do Concello quede desafectada do seu uso, e autorizando o inicio do necesario expediente de desafectación tan pronto como sexa posible".

O anuncio correspondente a esta desafectación publicouse no BOP nº 114, de data do 17/06/14, sen que durante o prazo de exposición pública se presentase alegación ou reclamación algunha.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda:

1º.- Alterar a calificación xurídica do edificio da antiga Casa do Concello, sito en Avenida Marqués de Figueroa, nº 5, desta localidade, definitivamente, pasando de ser de dominio público a ser un ben de carácter patrimonial.

2º.- Dar traslado ó Inventario de Bens da Corporación da alteración da calificación xurídica dese inmovible e solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou as anotacións rexistras necesarias.

3º.- Realizar o acto de recepción formal do ben inmovible desafectado, de conformidade co indicado no artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución destes acordos.

#### SEXTO. APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Dase conta polo Sr. Soto da finalización da obra de construción dunha escola infantil e da intención do grupo de goberno de axilizar os trámites necesarios para a súa posta en funcionamento coa brevidade posible, incluíndo a aprobación, cando sexa posible, dun regulamento de funcionamento e esta Ordenanza Fiscal que se propón, que sería a nº 23. A proposta recolle as cantidades indicadas no plan de viabilidade encargado polo Concello, xa incorporado ó expediente para a súa aprobación, posto que ese documento é básico para a autorización da actividade por parte da Xunta. Pasa seguidamente o Sr. Soto a detallar os importes reseñados no cadro de tarifas do artigo 5 da ordenanza, indicando que son prezos axustados, competitivos e accesibles para posibles usuarios, quedando garantida a viabilidade na xestión da escola.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

Interven de seguido o Sr. Márquez, para reiterar o manifestado na Comisión informativa, a súa absoluta conformidade coa escola infantil e a súa discrepancia cos importes da Taxa proposta, que considera excesivos, decindo que se pagará o mesmo con independencia do nivel de renda das familias, o que suporá que non teñan os mesmos dereitos os fillos de todas as familias, polo que pide que se reconsideren os importes propostos para a súa adecuación á realidade social e se introduzcan na Ordenanza reducións deses importes en función da renda das familias usuarias, como se fai no resto das escolas existentes.

O Sr. López Loureiro toma a palabra a continuación para manifestar a súa conformidade co exposto polo Sr. Márquez no seu apoio absoluto á escola e en na súa discrepancia cos prezos propostos, que tamén considera excesivos e pouco axustados á realidade social.

O Sr. Soto resposta que lle pida a Feijoo a inclusión da escola infantil na rede da Xunta, porque aquí non haberá subvención nin concerto para financiación, e repite que os prezos propostos son os indicados no plan de viabilidade, polo que baixando eses prezos a escola non sería viable nin sequeira no caso de ocupación total. Di tamén que se vai arbitrar unha liña de axudas específicas para familias que teñan necesidade do servizo, sempre que sexa por motivos de conciliación da vida laboral e familiar. Seguidamente,

critica a demagogia que consiste en pedir tódolos servizos, sabendo que eso non é posible economicamente, pedíndolle ó Sr. Márquez que explique a fórmula para prestar servizos gratis, sen ingresos que os cubran, e que a prestación de servizos públicos con prezos baixos tamén pode ser un xeito de facilitar ou abaratar a posterior privatización deses servizos.

O Sr. Márquez di que o que é demagogia é xogar cos dereitos dos nenos facendo pagar o mesmo a fillos de familias con niveis de renda moi distintos, cando noutros concellos as tarifas axústanse a eses niveis ademáis de ser inferiores ás propostas aquí, e que non considera demagórico nin moito menos pedir que tódolos nenos teñan os mesmos dereitos.

O Sr. Soto repite que os prezos propostos son os máis baixos posibles segundo indica o plan de viabilidade, que non aceptar eses prezos é oponerse á escola e que se habilitará unha liña específica de axudas a familias que o precisen.

Interven finalmente o Sr. Alcalde para dicir que a Xunta non cumpriu o seu compromiso de construír unha escola infantil en San Sadurilño e tampouco quere integrar na rede autonómica a escola construída polo Concello, xa que de feito soamente se están abrindo as construídas polo bipartito. Ademáis, soamente se autorizarán pola Xunta as escolas que sexan economicamente viables, polo que non se poden propoñer outros prezos máis baixos. Sen embargo, se habilitarán axudas para familias e se valorarán posibles ofertas de redución de prezos cando se adxudique a xestión da escola; de ser posible, faríase política de esquerda real e contrataríase o persoal necesario para esa xestión, pero a lei non o permite neste momento.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos do PP e unha abstención, do do PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación á Ordenanza Fiscal nº 23, reguladora da Taxa pola prestación dos servizos da escola infantil municipal, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

#### SÉTIMO. APROBACIÓN DO I CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta de convenio de que se trata, que se ven negociando cos representantes do persoal laboral dende hai un ano, pero con especial intensidade nos últimos tres ou catro meses. Di que a proposta beneficia a todos, ós traballadores porque identifica o marco normativo que lles é aplicable e lles da estabilidade e seguridade, o mesmo que para o Concello, ademáis de posibilitar un mellor servizo ós veciños. Reseña as melloras introducidas polo seu grupo nas condicións de traballo do persoal do Concello dende 2007 e explica que a mellora dos servizos ademáis conseguíuse nun marco de redución das axudas económicas doutras administracións, que foron recortadas nese mesmo periodo. Di tamén que o texto regula os dereitos e deberes dos traballadores fronte ó Concello, que conta cunha comisión de seguemento para resolver as posibles dúbidas ou discrepancias que poidan xurdir durante a aplicación

do convenio, e que hoxe é un día histórico para o Concello, que contará por primeira vez cun convenio para o persoal laboral que garantirá unha maior seguridade xurídica e estabilidade laboral.

O Sr. Márquez interven de seguido para manifestar a súa absoluta conformidade co contido do texto proposto, coas salvidades indicadas no informe desfavorable de Secretaría-Intervención que obra no expediente, polo que considera que a súa aprobación podería resultar nula.

O Sr. López Loureiro fai uso da palabra a continuación para dicir que no informe xa mencionado indícanse algúns supostos incumprimentos da normativa vixente. O Sr. Alcalde di que no parágrafo final dese informe indícase que, como o resto, emítase sempre salvo mellor criterio e sen perxuízo do que acorden ó respecto os órganos competentes deste Concello, mencionado varios aspectos do asunto nos que discrepa co sentido do informe, polo que votarán afirmativamente a proposta de que se trata, agardando a reacción das autoridades que teñen competencias para impugna-la, no seu caso. E remata decindo que o persoal ó que afectará ten dereito a todo o recollido na proposta, e ninguén vai impedilo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a proposta de convenio de que se trata.

#### OITAVO. MOCIÓN DO P.P. SOBRE A REFORMA DA LEI ELECTORAL.

Toma a palabra o Sr. López Loureiro para dar lectura á moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 29/08/14, e cuxa parte dispositiva literalmente pide que se acorde "manifestar a vontade desta Corporación Municipal de que se adopten as modificacións legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns e a estabilidade do Concello, de tal xeito que o cabeza da lista máis votada nas Eleccións Locais sexa elixido alcalde."

O Sr. Márquez manifesta a súa postura contraria ó contido da moción, por entender que a aplicación dese criterio implicaría en ocasións que gobernasen candidaturas distintas das elixidas polos veciños.

O Sr. Soto di que supón que esa proposta valería tamén para concellos como Moeche, Sada ou Santiago, nos que goberna o PP sen ser a lista máis votada. O seu grupo está en contra da proposta de que se trata e entenden que prantexaría outros problemas, como a adaptación das maiorías cualificadas necesarias para adoptar determinados acordos de especial transcendencia. Ademáis, tras a elección de alcalde tamén hai que gobernar, e unha modificación como a que se propón derivaría nunha aínda maior concentración de poder en mans dos alcaldes. Manifesta tamén que esto débese explicar á xente, e que aínda que o PP ten maioría suficiente para a súa aprobación, facelo seis meses antes dunhas eleccións e sen consenso político nin social soamente obedece ó desexo do PP de perpetuarse en alcaldías que podería perder nas próximas eleccións municipais.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos contrarios, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, e tres afirmativos, dos concelleiros do PP, acorda rexeitar a mocion de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó noveno e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra do Sr. Soto, para propoñer ó Pleno a inclusión dun asunto urxente, unha moción do BNG pola defensa da pluralidade e a participación política e contra a reforma electoral que pretende o PP, xustificando a urxencia do asunto en que non foi posible presentala con anterioridade por falla dunha proposta do PP ó respecto.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por maioría de oito votos contrarios, dos concelleiros do BNG e o PSOE, con tres abstencións, dos do PP, acorda considerar a moción urxente, ordenado que ser pase de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN POLA DEFENSA DA PLURALIDADE E A PARTICIPACIÓN POLÍTICA E C ONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PP.

O Sr. Soto resume o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“Despos de 30 anos de se manteren no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, entre os que cómpre salientar a retrición da proporcionalidade que beneficia, sobre todo, os partidos máis votados e con maior implantación, o Partido Popular decidiu desenvolver unha ofensiva en diferentes fronteas contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía. De aí que pretenda, por unha parte, unha reforma da lei baseada na redución do número de deputados e deputadas para integraren o Parlamento galego e unha reforma da lexislación electoral para facilitar a investidura automática como alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría dos cidadáns e das cidadás que emitiron o seu voto. De feito, o que o PP leva expresado publicamente arredor da súa proposta non é que se escolla o/a alcalde/esa directamente, senón que uns votos posúan máis valor que outros. Os obxectivos do PP son os de se asegurar con maior facilidade acadar a maioría absoluta e reducir a pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. Estamos, pois, ante unha subversión dos alicerces da representación democrática que vai na liña contraria do que defende o BNG. Esta medida, para alén de constituír un intento do Partido Popular de concentrar nas súas mans o maior número de alcaldías, supón, na práctica, unha reforma que incide na concentración de poder nas mans de alcaldes e alcaldesas, privando ao pleno, aos órganos colexiados e, por tanto, á cidadanía de capacidade de



control da actuación municipal. De feito, todos os informes especializados e os organismos internacionais sinalan que un dos principais elementos para combater a corrupción é a maior participación política e a pluralidade fronte á concentración do poder. Velaí as verdadeiras medidas anticorrupción que o PP non quere aplicar.

Estamos, pois, ante unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersoais, que reforzan o presidencialismo e restan pluralidade. Téntase que os gobernos locais non reflectan a pluralidade política e social existente, senón que unha parte poida gobernar ao seu antollo, a través dun/unha alcalde/esa que governe aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta proposta profundamente antidemocrática e contraria ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións. Mais tamén xulga que os contidos que o PP está a manifestar publicamente que configurarían a proposta de reforma electoral son contrarios á configuración institucional e de representación política consagrada no actual ordenamento xurídico.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Este concello insta ao Goberno Galego a:

1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.

2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Definición, agás no caso de eleccións municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.

b) Eliminación da regra de Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.

c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos."

Sometida seguidamente a votación ordinaria a aprobación desta moción, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

Toma a palabra de seguido o Sr. Alcalde, para propoñer ó Pleno a inclusión dun asunto urxente, unha moción presentada pola Alcaldía a instancia de pais e nais de alumnos do CPI, relativa á masificación nas aulas de infantil e primaria do CPI de San Sadurniño, xustificando a urxencia do asunto polo inminente inicio do curso escolar.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda considerar a moción urxente, ordenado que se pase de seguido ó seu debate.

#### URXENCIA. SEGUNDO. MOCIÓN RELATIVA Á MASIFICACIÓN NAS AULAS DE INFANTIL E PRIMARIA DO CPI DE SAN SADURNIÑO.

O Sr. Alcalde le o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“Con data do 04/09/2014 unha representación da maioría dos pais e nais dos nenos e nenas matriculados no 5º curso de educación infantil do CPI de San Sadurniño fanlle chegar á alcaldía deste concello a súa preocupación pola masificación e polas condicións nas que se vai impartir a docencia no vindeiro curso.

Por terceiro ano consecutivo o CPI de San Sadurniño vén sufrindo unha serie de problemas e contratemplos coas prazas existentes nos cursos inferiores, así como coas condicións nas que se deben prestar os servizos educativos que ofrece o propio centro.

A leve, pero estable, revitalización demográfica que está a sufrir tanto o Concello de San Sadurniño como as parroquias naronesas de Doso e Pedroso, que conforman o territorio que abrangue o CPI de San Sadurniño, está motivando un incremento na demanda de prazas do devandito centro, sobre todo nos cursos de educación infantil e do comezo de educación primaria.

No canto de adaptarse a esta positiva realidade, a Xunta de Galicia, e nomeadamente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria veu dando solucións parciais, e ás veces pouco satisfactorias, aos problemas que ían xurdindo en forma de desdobrementos ou concentracións de aulas, que repercutiron negativamente na calidade dos servizos educativos e nas condicións de traballo do propio persoal ensinante.

De cara ó vindeiro curso académico 2014/2015, segundo manifestan os pais e nais, a clase de 5º de educación infantil vai contar con 26 alumnos e alumnas, entre os que se inclúe un pequeno con necesidades especiais, que van a ocupar unha aula de 40 metros cadrados. Esta situación incumpre as condicións básicas que impón a propia Consellería xa que se supera a ratio prevista para o segundo ciclo de educación infantil e educación primaria, que é de 25 persoas por unidade. E por outro lado, non se cumpre co requisito de que

existan polo menos 2 metros cadrados por alumno/a, xa que hai 26 nenos e nenas nunha aula de 40 metros.

Estas non son, sen dúbida, as condicións máis acaídas para asegurar unha educación pública e de calidade, tendo en conta o elevado número de cativos e cativas para un só ensinante, e o reducido tamaño da aula onde van ter que desenvolver as súas actividades durante todo o curso.

Perante a situación expresada polos pais e nais do alumnado do 5º curso de educación infantil e pola propia ANPA do CPI de San Sadurniño sobre os problemas de saturación nas instalacións e nas condicións nas que se vai impartir a docencia especificamente nesa aula, e que vai facer que 26 nenos/as teñan unha aula de 40 m<sup>2</sup>, a Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ,

#### **ACORDOS:**

- Asumir e trasladar a inquietudanza manifestada polas familias afectadas e pola ANPA do CPI de San Sadurniño, e instar á Xunta de Galicia a que, coa maior brevidade posible, se dea unha solución satisfactoria para que os nenos e nenas do 5º curso de educación infantil conten con instalacións e persoal docente que aseguren a calidade da súa educación. Nomeadamente solicítase que a devandita clase sexa desdoblada, para ter un menor número de alumnos/as en cada aula, en consonancia coas tendencias dos sistemas educativos máis existosos, e polo tanto que se habiliten dúas aulas e se dote ao centro do persoal docente necesario.
- De forma máis xeral, considera que a Xunta de Galicia debe analizar a evolución do CPI de San Sadurniño, e acatar a normativa vixente así como a planificación no ámbito demográfico que a propia Xunta vén de aprobar no Plan de dinamización demográfica de Galicia, e pór as solucións e os medios precisos para que o CPI de San Sadurniño poida acoller a demanda de escolarización infantil existente na actualidade e a posible demanda que poida haber nos vindeiros anos.
- Asemade, o Concello de San Sadurniño manifesta que asume os compromisos recollidos no Plan de dinamización demográfica de Galicia, e que defende o dereito a unha educación universal, completamente gratuíta e da máxima calidade, e polo tanto ponse á disposición da Xunta de Galicia, e nomeadamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para resolver este problema e todos os que poidan ter incidencia no CPI de San Sadurniño.
- Comunicar estes acordos ao Conselleiro e á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aos Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego e ao Consello Escolar do CPI de San Sadurniño."

Engade o Sr. Alcalde que se trata de remitir unha declaración institucional do Concello á Consellería por este caso en particular e tamén polo tema xeral do aumento das matrículas nos últimos anos, para protestar pola escasa cobertura das xubilacións de

persoal docente e polas excesivas ratios de alumnos por aula, coa cantidade de docentes que se atopan en paro. Respóntase tamén á solicitude dos pais afectados, entendendo e asumindo a súa demanda, da que se dará traslado á Consellería, porque se trata dun tema de vontade política e para que conste que non aceptamos imposicións, que a Xunta debe entrar en razón a atender as demandas dos pais, reclamando unanimidade por tratarse dun asunto no que sobran diferencias partidistas.

O Sr. Márquez manifesta a súa total conformidade coa proposta, enmarcando o problema na liña de recortes dos gobernos central e autonómico en educación e sanidade, engadindo que a falla de cobertura de baixas por xubilación acaban pagándoa os nenos.

O Sr. López Loureiro di que o seu grupo tamén trasladará a proposta á Consellería e lembra que eles sempre apoiaron as demandas formuladas polo Concello en materia de educación, e que o seguirán facendo.

O Sr. Soto remata o debate decindo que este tipo de medidas atentan contra os intereses dos cidadáns e que lle parece indecente que non se atendan estas solicitudes e se habiliten partidas millonarias para financiar a colexios privados que segregan ó alumnado por xénero.

Sometida seguidamente a votación ordinaria a aprobación desta moción, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

#### NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e un minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,